

**Acta núm. 05/2020.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 11 de febreiro de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 11 de febreiro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2020, DO 04.02.2020.
- 2º) COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS DO CONCELLO DE BRIÓN.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2020, DO 04.02.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 04.02.2020, acta núm. 04/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALADINO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, na que comunica que vai realizar un peche nunha parcela sita en Bemil nº43, Bastavales, coas seguintes características:

Muro de formigón na totalidade da parcela, de altura máxima 70 cm. e que se situará no linde coa vía pública a 5 m. do eixe da vía, segundo plano presentado que se axusta ao documento de cesión asinado o 19.06.2019.

A parcela onde se pretende realizar o peche conta con licenza para construción dunha vivenda unifamiliar outorgada pola Xunta de Goberno Local o 25/06/2019 e atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O muro de formigón será convenientemente revestido e pintado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,57 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, (RBTS SAIME, 0 - Expte. nº UD218319110027) con fin de dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita en Saime, desde o apoio HV 11/630 existente, mediante un paso aéreo subterráneo ata a situación do CPM do cliente, no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 15m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, con visado do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña do 26/12/2019, visado nº 4106/19-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº927117NH2442N0000IH), situase en Saime nº3-Bastavales, aldea incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave identificativa: XBE-3) e conta con licenza de primeira ocupación para a vivenda outorgada pola Xunta de Goberno o 22.10.2019.

En base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

O Sr. Concelleiro Lago Sanmartín abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 563,99 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 117,37 euros.

### **CUARTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Deus Losada, que di actuar en representación de CORAL HOMES, S.L.U., na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local do 19.09.2006, modificada posteriormente por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.02.2017 e que consta a nome de BUILDINGCENTER S.A.U.

Antecedentes:

**1. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.02.2017, adoptou o seguinte acordo:**

“” **QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, que din actuar en representación de BUILDINGCENTER SAU, con domicilio en Rúa do Penedo 30, baixo A, Santiago de Compostela, na que solicitan modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 19/09/2006, para construír un edificio de semisoto, planta baixa, e dúas plantas altas para 16 vivendas, 4 locais e garaxes, no lugar da Avda de Noia 21, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado por Cid - Rivadulla, arquitectos SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/06/2016 e documentación complementaria visada o 01/12/2016.

Antecedentes:

### **1. A Xunta de Goberno Local en sesión do 19.09.2006 adoptou o seguinte acordo:**

“ Deuse conta dunha instancia presentada por PROMOCIONES PAZOS SOUTO 2000 SL, con domicilio en Carlos García Bayón, nº 5 baixo, Caldas de Reis, en solicitude de licenza para a construción dun edificio de semisoto, planta baixa, e dúas plantas altas para 16 vivendas, 4 locais e garaxes, no lugar da Avda de Noia, confeccionado pola Arquitecta Dona Eva M. Martínez Abastida. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do Arquitecto Municipal D. Alberto Iglesias Fungueiriño, acorda por unanimidade concede-la licenza solicitada, reservando o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, e sempre que na execución das obras se dea exacto cumprimento ao proxecto técnico presentado e se cumpran as demais condicións impostas polo técnico municipal, que se anexionan a este acordo formando parte integrante do mesmo.”

### **2. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.09.2016 adoptou o seguinte acordo:**

“ a) Deuse conta dun escrito asinado por Javier Rivadulla Montaña, que di actuar en representación de BUILDINGCENTER SAU, con domicilio en R/ Provençals 39, Barcelona, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local o 19/09/2006 a Promociones Pazos Souto 2000 SL.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder o cambio solicitado, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, poñendo a licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, a nome de BUILDINGCENTER SAU, con CIF: A-63106157 e domicilio en R/ Provençals 39, Barcelona.”

As modificacións consisten en:

- Obras de adecuación de locais en planta baixa para uso residencial do edificio en fase de construción, incrementando o número de vivendas en 7, 4 vivendas no portal 1 e 3 vivendas no portal 2, pasando o edificio a ter un total de 23 vivendas.
  - Modificación da distribución da planta soto destinada a albergar as prazas de aparcamento e trasteiros, pasando de 24 a 23 trasteiros e mantendo o número de prazas de garaxe (26).
  - Modifícase o espazo diante do aliñamento exterior, colocando un peche a 6 metros do aliñamento exterior para garantir unha distancia mínima de 2 metros de profundidade (uso privativo) de protección de vistas desde a rúa ou espazos públicos. Decreto 29/2010:I.A.1.2)
- A parcela onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, denominado: Modificación de proxecto de 16V+4L (LIC19/09/2006) de adecuación de p. baixa a uso residencial vivenda 23V+0L, redactado por Cid - Rivadulla, arquitectos SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/06/2016 e documentación complementaria visada o 01/12/2016.

- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
  - Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
  - Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
  - Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
  - Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
  - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
  - Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
  - Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.””

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obras solicitada concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 19.09.2006, con modificación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.02.2017, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a CORAL HOMES, S.L.U., con CIF: B-88178694.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

#### **QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada RAMÓN BARROS BUENO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda sita no lugar de Bastavaliños nº 39 – Bastavales, que conta con licenza de construción concedida pola Xunta de Goberno Local do 03.06.2014.

Visto o estado no que se atopa o expediente, no que consta escrito de alegacións presentado polo interesado con data 13.12.2019 (r.e.núm. 4002).

Visto o informe emitido polo asesor xurídico urbanístico do Concello en data 20.01.2020, que transcrito di:

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DO 8.11.2019.**

**EXPEDIENTE: 2019/U007/000010.**

**INTERESADOS: Ramón Barros Bueno e Mónica Magán Magariños.**

En relación co escrito presentado por don Ramón Barros Bueno e dona Mónica Magán Magariños con n. r .e. 4002, de data 13 de decembro de 2019, interesando o outorgamento da licenza de primeira ocupación solicitada en data 8.11.2019, emítase o seguinte informe:

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- Na sesión celebrada en data 03.06.2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Brión, acorda conceder licenza de obra a don Ramón Barros Bueno e dona Mónica Magán Magariños para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 39, Bastavales, con arranxo ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Echeverría.

2.- En relación co outorgamento da anterior licenza, en data 2 de xuño de 2014, os interesados asinan un documento administrativo de cesión de viais no solo de núcleo rural.

3.- En data 8 de novembro de 2019, os interesados solicitan o outorgamento da licenza de primeira ocupación achegando o certificado de fin de obra asinado polo arquitecto Francisco Javier Echeverría, o certificado de eficiencia enerxética, a acta de recepción da obra e o informe favorable da entidade Espina & Delfín.

4.- En data 7 de novembro de 2019, a técnica municipal sinala no seu informe que non se atopan cumpridas as condicións de remate das obras de urbanización e que non se aporta declaración do técnico sobre a conformidade da obras executadas co proxecto autorizado, concedéndolles, aos interesados, prazo de dez días hábiles para presentar a documentación requirida.

5.- En data 13 de novembro de 2019, os interesados presentan escrito con n.r.e. 3707, achegando a declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto, sen que se acredite a execución das obras de urbanización.

6.- En data 13 de decembro de 2019, ten entrada no rexistro do Concello co número 4002, escrito de alegacións reiterando a solicitude de concesión da licenza de primeira ocupación.

#### NORMATIVA APLICABLE:

-. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

-. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

#### INFORME:

1.- O primeiro que compre advertir é que o seu escrito de data 13.12.2019 preséntase sen asinar. Se ben dita deficiencia formal resulta subsanable e non impide a toma en consideración das alegacións que no mesmo se formulan, compre advertir dita circunstancia e precaver aos interesados que en futuras ocasións, os seus escritos dirixidos ás administracións públicas en xeral e a este Concello en particular, deberán conter, alomenos, o nome e apelidos do interesado, os feitos, as razóns ou peticións que se formulan e a sinatura, data e lugar de presentación, requisitos estes, que non teñen outra finalidade que a de garantir a seguridade xurídica, e en definitiva, a eficacia do propio escrito presentado polo interesado.

2.- Por outra banda, tamén compre sinalar que dito escrito se presenta fora do prazo dos 10 días hábiles outorgados inicialmente para proceder á subsanación das deficiencias advertidas na solicitude de licenza de primeira ocupación, cuestión que tampouco constitúe un defecto invalidante que supoña a perda do dereito ao trámite correspondente xa que, para que tal defecto poida producir un efecto similar é necesario que a administración actuante tivese notificado a preclusión de dito prazo aos interesados, feito que non se produciu.

Deste xeito, malia que os alegantes superasen o devandito prazo concedido para a súa presentación e dado que o escrito do 13.12.2019 se debe considerar como un escrito de alegacións dentro dun procedemento de solicitude de licenza e non como un recurso, débese entender presentado en tempo e ser tido en conta aos efectos oportunos por mor do principio antiformalista do Dereito Administrativo antes mencionado, desta volta interpretado no senso

de que se permite aos interesados formular as alegacións que estimen oportunas en calquera momento do procedemento anterior á notificación da resolución que teña por transcorrido o prazo (cfr. art.73.3 da Lei 39/2015) ou incluso no mesmo día en que se produza.

3.- Dito o anterior e xa en relación co fondo do asunto, os interesados pretenden que se proceda, por parte do Concello, á concesión da licenza de primeira ocupación por considerar que a obra finalmente executada se axusta ao proxecto autorizado, sen que se lles poida impor a obriga de urbanizar os terreos de cesión ao non figurar a mesma entre as condicións da licenza de obra outorgada.

4.- A conclusión dos alegantes non resulta correcta:

Por unha banda porque o deber de urbanizar ao igual que o de ceder, resulta ser unha obriga que deriva directamente da lei (art. 172 da Lei 9/2002 en relación co artigo 21.2.d) do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais) e non da licenza.

Pero é que, ademais, entre as condicións que se recolleron na licenza que lles foi outorgada para a execución da vivenda figura, entre outras, a cesión de 113,00 m<sup>2</sup> para a ampliación de viais que se formalizou en documento administrativo asinado polos interesados en data 2 de xuño de 2014 (artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicable por razóns temporais).

Pois ben, no expediente administrativo da concesión de licenza de obra figura dita acta administrativa de cesión asinada, tanto por don Ramón Barros Bueno como por dona Mónica Magán Magariños na que, ademais de formalizarse o compromiso de cesión dos terreos para ampliación de viario, os interesados comprométese a urbanizar a súa parcela nos termos do artigo 172 da Lei 9/2002, simultaneando urbanización e edificación, e sen utilizar a construción ata tanto non estea concluída a obra de urbanización, establecéndose esta derradeira condición sobre as cesións do dereito de propiedade ou de uso que, no seu caso, efectúe sobre todo ou parte da edificación.

Asemade, na devandita acta sinálase que dito compromiso comprende tanto ás obras que afecten ao fronte da fachada como ás infraestruturas precisas para poder prestar os servizos públicos necesarios (rede de abastecemento de augas, saneamento, iluminación pública e pavimentación de beirarrúas e calzada, ata o punto de enlace coas redes xerais e viarias que estean en funcionamento).

5.- Polo tanto, non levan razón os interesados cando din que non están obrigados a executar as obras de urbanización porque, aparte de que se trata dunha obriga que deriva da lei e non da licenza, resulta que, como se acaba de expor, trala sinatura da acta de cesión, ambos adquiriron expresamente dito compromiso.

6.- A doutrina do Tribunal Supremo sobre o alcance da licenza de primeira ocupación recollida, entre outras moitas, na súa Sentenza de 14 de decembro de 1998, rec. 8401/1992 establece que o seu obxecto non é outro que o de comprobar o cumprimento das condicións impostas na licenza de obras, así como a conformidade da edificación executada ao proxecto que lle serviu de base para outorgar a licenza. Polo tanto, tratándose dun suposto de actividade regrada, a licenza tan só se pode conceder ou denegar en función da concorrencia ou non dos requisitos que constitúen obxecto da súa fiscalización. Entre estes, que o edificio non reúna as oportunas condicións de utilización ou non se axuste ao proxecto para o que se concedeu a licenza de edificación (STS 25 de xullo de 1989); polo incumprimento das condicións ás que estaba suxeita a licenza de obra (STS 14 de maio de 2001, rec. 6862/1996) e por o incumprimento ou defectuoso cumprimento do deber de urbanizar (STS de 23 de xullo de 1998 rec. 6674/1992).

En consecuencia, non cabe dúbida de que a falla de execución das obras de urbanización dos espazos de cesión obrigatoria constitúe motivo dabondo para denegar a concesión da licenza de primeira ocupación.

Por todo o anteriormente exposto, infórmase desfavorablemente a solicitude formulada por don

Ramón Barros Bueno e dona Mónica Magán Magariños para a concesión de licenza de primeira ocupación das obras amparadas pola licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Brión na sesión celebrada en data 03.06.2014 por non estar executadas as obras de urbanización, sen prexuízo de que, por parte dos interesados, se poida reiterar novamente a solicitude sempre e cando acrediten o previo cumprimento da obriga do devandito deber de urbanizar os terreos obxecto de cesión para ampliación de viario público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable do asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Rexeitar as alegacións presentadas e denegar a licenza de primeira ocupación solicitada polo interesado, consonte co informe xurídico transcrito.

2º) Aprobar a seguinte liquidación de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas (primeira ocupación): 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

### **SEXTO.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 05.02.2020, que transcrita di:

O Concello de Brión está adherido ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Con data 13 de xuño de 2019, Seaga en virtude do establecido no devandito Convenio de colaboración, remitiu ao Concello un Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Brión elaborado polo Seaga.

Visto o artigo 16.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que dispón: A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compete aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.

Examinada a documentación que conforma o Plan, ao abeiro das competencias desta alcaldía segundo o art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Brión, presentado por Seaga no Concello con data 13 xuño de 2019.

2º) Abrir un período de información pública durante un mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello. Durante o devandito prazo quedará o expediente a disposición de calquera persoa ao obxecto de que se poidan formular as suxestións, observacións ou alegacións que se estimen pertinentes.

3º) Solicitar informe preceptivo e vinculante á Dirección Xeral de Defensa do Monte como órgano competente en materia forestal, con carácter previo a súa aprobación definitiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a proposta da alcaldía transcrita, nos seus propios termos.

### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,42 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González